



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000011

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 24 DE SETEMBRO DO 2020.

Sesión 09/2020-P

| | |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a María Soraya Salorio Porral D^a María José García Freire D. José Luis Tellado Villares D. José Luis García Pazos D. Alberto Manuel García Cotelo D^a María Pardo Fafián D. Ramiro Blanco Montero D^a Isabel Reimúndez Suárez D^a Laura Rodríguez Pena D^a María Nogareda Marzoa D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;"><u>NON ASISTEN</u></p> <p>D^a Rebeca Mouriño Neira D^a Ana Paola Mondaca González D. María Luisa Rúa Prieto</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas</p> | <p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 24 de setembro do 2020, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen da fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p> |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno ordinario do Concello de Sada, que volve ser presencial.

1º.- APROBACIÓN DE ACTAS (sesións núms. 7 e 8/2020).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación presentes se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións núms. 07/2020, do 30 de xullo; e 08/2020, do 27 de agosto.

Non habendo intervencións, quedan aprobadas por unanimidade dos presentes as actas das devanditas sesións,



ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- FESTAS LOCAIS PARA O CALENDARIO LABORAL DO ANO 2021.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 8/2020, do 17 de setembro, que recolle:

<<Propoñer para a súa inclusión no Calendario Provincial de Festas Laborais para o ano 2021 as datas seguintes: o 16 de febreiro (martes de Entroido) e o 16 de agosto (festividade de San Roque)>>.

A sra. Secretaria comenta que habería que engadir o día da semana para o caso da festividade de San Roque, ao que se accede por parte da Alcaldía, que aclara que é un luns.

Preguntados os grupos, non se producen intervencións.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 14 (3 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos presentes o seguinte **ACORDO**:

Propoñer para a súa inclusión no Calendario Provincial de Festas Laborais para o ano 2021 as datas seguintes: o 16 de febreiro (martes de Entroido) e o luns 16 de agosto (festividade de San Roque).

3º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS DE HOSTALARÍA EN TERREOS DE USO PÚBLICO.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 8/2020, do 17 de setembro, que recolle:

<<**Primeiro.**- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora da instalación de terrazas de hostalería en terreos de uso público no referido ao artigo 1, quedando redactado como segue:

“Artigo 1.- Obxecto

1. A presente ordenanza ten por obxecto regular o réxime xurídico ao que debe someterse a instalación de terrazas en terreos de uso público.
2. Aos efectos desta Ordenanza enténdese por terraza o conxunto de mesas, cadeiras e instalacións móbiles provisionais, como parasoles, toldos, xardineiras ou calquera outro elemento análogo anexas a un establecemento hostaleiro situado en inmovible ou local, en liña de fachada ou fronte ao establecemento, e sen barra de servizo distinta da do propio establecemento.
3. Aos efectos desta Ordenanza establécense dúas categorías: Enténdese por terraza categoría “a” o conxunto de mesas, cadeiras, toneles, cinceiros e instalacións móbiles provisionais, como parasoles, toldos de fachada, ou calquera outro elemento análogo anexas a un establecemento hostaleiro situado en inmovible ou local, en liña de fachada ou fronte ao establecemento, e sen barra de servizo distinta da do propio establecemento.
Enténdese por terraza exenta categoría “b” o conxunto de mesas, cadeiras, toneles, cinceiros e instalacións desmontables provisionais, como parasoles, toldos exentos, mamparas, xardineiras ou calquera outro elemento análogo anexas a un establecemento hostaleiro. Situarase no fronte ou no lateral do establecemento no caso de prazas e rúas abertas a unha distancia mínima de 3 mts da fachada da edificación e sen barra de servizo distinta do propio establecemento. No caso de estar ocupado o lateral do establecemento por unha zona de aparcamento ou similar considérase como lateral exclusivamente a estes efectos o contiguo a dita zona.
4. A presente Ordenanza é aplicable a todos os espazos (vía pública, espazos libres, zonas verdes, etc.) do Municipio, de uso público, sexan de titularidade pública ou privada. Esta condición de uso público virá determinada en función tanto da situación de feito, como por aplicación das determinacións do planeamento vixente.
5. Unicamente quedan excluídas do ámbito desta Ordenanza as terrazas situadas en espazos de titularidade e uso privados.
6. A instalación de terrazas nos espazos públicos é un uso común especial de ditos espazos, suxeito a decisión discrecional do Concello, polo que a súa autorización deberá atender a criterios de compatibilización do uso público coa utilización privada, debendo prevalecer



nos casos de conflito, a utilización pública do devandito espazo e o interese xeral cidadán”.

Segundo.- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran>>.

A sra. Pardo, polo grupo municipal Socialista (PSOE), fai unha reflexión con relación á crise da hostalaría incidindo en que se deberan gañar espazos para o uso peonil e de terrazas e acometer a remodelación para os efectos das rúas da Praia e da Obra e do resto do bordo litoral, dende O Curruncho ata o peirao, e mesmo retomar nunha segunda fase o proxecto para comunicar Sada con Gandarío. Amosa que están de acordo coa modificación, porque igualará os hostaleiros de zonas distintas, aínda que cre que habería que ir máis aló para evitar que Sada siga esmorecendo. Anuncia que han votar a favor.

O sr. Tellado, polo grupo municipal do Partido Popular (PP), fai unha crítica á xustificación, considera que esta modificación está pouco fundamentada e traballada, poñendo un exemplo, que podería ser máis ambiciosa, que co motivo da Covid o seu grupo xa propuxera medidas para poder separar e ampliar o número de mesas, pero que isto non se aborda, e mesmo que semella que máis ben está pensada para algún caso particular. Di que poden estar de acordo co texto, pero que a xustificación os desorienta; anuncia a abstención do seu grupo.

O Presidente admite que poida que sexa unha modificación pouco ambiciosa pero que resolve varios problemas que se poderían dar e unha situación de desigualdade, fai algunhas aclaracións, di que é un comezo e congratúlase de que malia a diferir algo nas valoracións actuais no proxecto de vila vaian todos polo mesmo camiño, obtendo máis espazos para os peóns e o mesmo tempo garantir que os negocios poidan adaptárense á situación da Covid facendo maior actividade o ar libre. Agradece a valoración e di que é unha primeira modificación na ordenanza de terrazas que dende logo haberá que avaliar con máis profundidade.

O contido íntegro do debate atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (3 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 PP.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora da instalación de terrazas de hostalería en terreos de uso público no referido ao artigo 1, quedando redactado como segue:

“Artigo 1.- Obxecto

1. A presente ordenanza ten por obxecto regular o réxime xurídico ao que debe someterse a instalación de terrazas en terreos de uso público.
2. Aos efectos desta Ordenanza enténdese por terraza o conxunto de mesas, cadeiras e instalacións móbiles provisionais, como parasoles, toldos, xardineiras ou calquera outro elemento análogo anexas a un establecemento hostaleiro situado en inmovible ou local, en liña de fachada ou fronte ao establecemento, e sen barra de servizo distinta da do propio establecemento.
3. Aos efectos desta Ordenanza establécense dúas categorías: Enténdese por terraza categoría “a” o conxunto de mesas, cadeiras, toneles, cinceiros e instalacións móbiles provisionais, como parasoles, toldos de fachada, ou calquera outro elemento análogo anexas a un establecemento hostaleiro situado en inmovible ou local, en liña de fachada ou fronte ao establecemento, e sen barra de servizo distinta da do propio establecemento.

Enténdese por terraza exenta categoría “b” o conxunto de mesas, cadeiras, toneles, cinceiros e instalacións desmontables provisionais, como parasoles, toldos exentos, mamparas, xardineiras ou calquera outro elemento análogo anexas a un establecemento hostaleiro. Situarase no fronte ou no lateral do establecemento no caso de



prazas e rúas abertas a unha distancia mínima de 3 mts da fachada da edificación e sen barra de servizo distinta do propio establecemento. No caso de estar ocupado o lateral do establecemento por unha zona de aparcamento ou similar considérase como lateral exclusivamente a estes efectos o contiguo a dita zona.

4. A presente Ordenanza é aplicable a todos os espazos (vía pública, espazos libres, zonas verdes, etc.) do Municipio, de uso público, sexan de titularidade pública ou privada. Esta condición de uso público virá determinada en función tanto da situación de feito, como por aplicación das determinacións do planeamento vixente.

5. Unicamente quedan excluídas do ámbito desta Ordenanza as terrazas situadas en espazos de titularidade e uso privados.

6. A instalación de terrazas nos espazos públicos é un uso común especial de ditos espazos, suxeito a decisión discrecional do Concello, polo que a súa autorización deberá atender a criterios de compatibilización do uso público coa utilización privada, debendo prevalecer nos casos de conflito, a utilización pública do devandito espazo e o interese xeral cidadán”.

Segundo.- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran.

4º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 23 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 8/2020, do 17 de setembro, que recolle:

<<**Primeiro.-** Aprobado inicialmente a modificación da ordenanza fiscal nº23, reguladora da taxa por ocupación de terreo de uso público con mesas e cadeiras no referido á disposición final, quedando redactada como segue co engadido proposto:

“A presente Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2008, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín da Provincia e será de aplicación a partir desta data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Suspenderase temporalmente a vixencia de aplicación da ordenanza fiscal n.º 23, reguladora da taxa por ocupación de terreo de uso público con mesas e cadeiras a partires do día 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021”.

Segundo.- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran>>.

A sra. Taibo, concelleira delegada de Facenda, defende a proposta para a suspensión temporal da recadación da taxa por ocupación de terreo de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos auxiliares no marco das accións levadas a cabo polo goberno local para reactivar a economía e para paliar as consecuencias económicas e sociais pola crise sanitaria da Covid-19, tratando de paliar neste caso os efectos derivados da regulación establecida de suspensión e minoración da actividade hostaleira que puxo en situación de vulnerabilidade a este tipo de negocios; solicita o apoio de todos os grupos da Corporación.

A sra. Pardo, polo grupo municipal Socialista (PSOE), amosa o acordo do seu grupo coa formulación da proposta da Alcaldía, mais di que van un paso máis aló. Comenta que hai en Sada dúas zonas, a avenida do Porto, xestionada por Portos de Galicia, e a rúa da Praia, xestionada por Costas do Estado, que teñen unha situación discriminatoria no eido da tributación todos os anos. Que todos os negocios situados nestas zonas, agás un que está situado na rúa da Praia que é unha concesión administrativa e que tributa unha parte das súas terrazas ao Concello e a outra a Costas, polo que si se vai ver beneficiado pero os demais non, están aboando unha media de tres mil euros anuais por manter unha terraza durante só nove meses, dende primeiros de abril ata o trinta e un de decembro, que se a xestión fose municipal poderían ser doce meses, como o resto da hostalaría sadense, polo que se se trata de homoxeneizar debe facerse en todos os casos, ampliando a franxa da rúa da praia que xestiona o Concello para que chegue a todos e facer o mesmo coa avenida do Porto. Que desa maneira



se axudara a todos os hostaleiros e non se incrementarían as diferencias que arrastran hai anos e que este ano sufriron máis. Anuncia que votarán a favor da proposta.

O sr. Tellado, polo grupo municipal do Partido Popular (PP), comenta que a súa proposta habería ser cobrar a taxa do 2019 no 2021, a do 2020 no 2022 e suspender a taxa da ordenanza para o 2021 e o 2022 pero que debido á situación de inestabilidade orzamentaria xerada polo exceso de gasto no 2019 comprenden que isto non vai poder ser así; malia o que anuncia que han votar a favor.

O Presidente, concordando plenamente co exposto polo grupo Socialista, entende que si se vai xerar unha maior desigualdade aínda porque uns han estar exentos mentres que outros han pagar, e ademais contías máis altas e por menos tempo. Di que antes de levar ao Pleno o Plan Especial do Porto queren manter unha reunión coa Presidenta de Portos para aclarar moitas cousas e entre elas esta de tratar de equiparar as terrazas, as concesións, ás do resto do pobo.

O contido íntegro do debate atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 14 (3 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos presentes o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal nº 23, reguladora da taxa por ocupación de terreo de uso público con mesas e cadeiras no referido á disposición final, quedando redactada como segue co engadido proposto:

“A presente Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2008, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín da Provincia e será de aplicación a partir desta data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Suspenderase temporalmente a vixencia de aplicación da ordenanza fiscal nº 23, reguladora da taxa por ocupación de terreo de uso público con mesas e cadeiras a partires do día 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021”.

Segundo.- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran.

5º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 24 de agosto (núm. 1.754) ata o 18 de setembro do 2020 (núm. 1.960).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 24 de agosto (núm. 1.754, do expediente 2020/G003/001840) ata o 18 de setembro do 2020 (núm. 1.960, do expediente 2020/G003/002047), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

O Presidente, antes de pasar ás mocións, dá conta de que non foi posible traer a este Pleno, nin sequera por urxencia, o que xa comentara tanto nas últimas dúas Comisións Informativas coma no último Pleno sobre que estaban pendentes da autorización da Xunta de Galicia para facer a solicitude dunha subvención que estaba a tramitar a Deputación da Coruña para que os concellos poidan dar axudas a autónomos e pemes ou sacar outra



liña de axudas, xa que onte lle comunicaron da Dirección Xeral que non había estar para este Pleno. Logo dunhas aclaracións sobre as posibilidades abertas, no que están todos os concellos, conclúe que se fará o que legalmente se vexa máis acaído para poder pedila no momento en que chegue a autorización.

B.- Mocións.

1ª.- Moción con motivo do día internacional contra a explotación sexual e a trata de mulleres, nenas e nenos.

A sra. Pardo xustifica a urxencia desta moción, presentada polo grupo municipal Socialista o 21/09/2020 (número de Rexistro 202099900002582).

Vótase a urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 14 (3 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia da moción por unanimidade.

Seguidamente a sra. Pardo procede a expoñer a dita moción, que a continuación reproducéase integramente:

<<MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A EXPLOTACIÓN SEXUAL E A TRATA DE MULLERES, NENAS E NENOS PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE SADA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 23 de setembro conmemórase o Día internacional contra a explotación sexual e a trata de mulleres, nenas e nenos. Esta práctica, estendida por todo o mundo, é unha manifestación extrema da desigualdade das mulleres e da súa pobreza na nosa sociedade.

A trata de mulleres e de nenas con fins de explotación sexual é un dos máis terribles negocios do mundo, se non o maior. Segundo datos de Nacións Unidas e da Unión Europea, as mulleres e as nenas representan o 71% das vítimas de trata detectadas en todo o mundo e o 80 % das identificadas en Europa occidental; o 95% delas acaban explotadas para a prostitución. A explotación sexual é a forma máis común de explotación (59%) seguida do traballo forzado (34%). As mulleres, ademais, atópanse entre as máis afectadas pola pandemia.

A trata de mulleres e de nenas con fins de explotación sexual é un dos máis terribles negocios do mundo, se non o maior. Segundo datos de Nacións Unidas

Compartimos o chamamento de Nacións Unidas para que a resposta ao COVID-19 e a recuperación posterior a nivel mundial asignen un lugar prioritario á dignidade e os dereitos humanos. Debemos redobrar os esforzos para protexer ás vítimas de trata e evitar que as persoas vulnerables sexan explotadas.

Desde o Concello de Sada asumimos que desde os nosos ámbitos competenciais debemos seguir traballando para dotar de recursos e garantías ás mulleres, nenas e nenos vítimas de explotación sexual.

Así mesmo queremos recoñecer o traballo de organizacións e colectivos que seguen prestando servizos vitais durante a crise, localizando ás vítimas e axudándoas a ter acceso á xustiza, á saúde e á asistencia e protección sociais, e evitando que se produzan máis actos de abuso e explotación.

A igualdade entre mulleres e homes continuará sendo inalcanzable mentres se compren, vendan e exploten a mulleres, nenas e nenos, prostituíndoos. Os estudos e as experiencias noutros países indicannos que alí onde se regularizou a prostitución aumentou a trata. Por tanto, entendemos que para combater a trata de mulleres, nenas e nenos con fins de explotación sexual de maneira efectiva hai que acabar coa prostitución.

Hai que abolir e erradicar a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, defender a dignidade das mulleres e terminar coas redes e as mafias que se lucran explotando ás mulleres, nenas e nenos. Debemos protexer e asistir ás vítimas, cooperar cos países de orixe e concienciar á cidadanía de que é unha forma de escravitude.

A prostitución e a trata con fins de explotación sexual son un dos rostros máis crueis da feminización da pobreza, así como unha das peores formas de violencia contra as mulleres cuxo sufrimento se agravou debido á pandemia.

Por iso, desde o Grupo Socialista no Concello de Sada solicitamos aos demais Grupos municipais, o apoio aos seguintes

ACORDOS:



1. Instar o Goberno municipal a que impulse o marco normativo municipal (ordenanzas...) para loitar contra a prostitución e a trata con fins de explotación sexual co obxectivo de:

a. reforzar os servizos municipais para dar cobertura integral (legal, psicolóxica, sanitaria e de inserción sociolaboral, etc.) ás vítimas de trata xa mulleres en situación de prostitución.

b. establecer as medidas necesarias de prevención e sensibilización para desincentivar o consumo de prostitución, especialmente dirixidas a homes e de maneira específica a homes novos.

c. adoptar as medidas para evitar a publicidade de servizos de prostitución.

2. Instar o Goberno autonómico, dentro do seu marco competencial, a impulsar as medidas necesarias para o desenvolvemento dunha estrutura de apoio multidisciplinar para as vítimas, xerar conciencia social contraria á compra e consumo de prostitución e á imaxe vexatoria das mulleres e a perseguir a delincuencia organizada dedicada a esta actividade ilícita.

3. Estreitar a colaboración coas organizacións e colectivos que prestan servizos de asistencia ás vítimas.

4. Dar traslado deste acordo plenario ao presidente da Xunta de Galicia>>.

A continuación débátese sobre a moción proposta, coas intervencións da sra. Nogareda (AV); a sra. Reimúndez (BNG); a sra. Salorio (PP), que suxire modificar o texto e adherirse á rede Vioxén; a sra. Taibo (SM); a sra. Pardo (PSOE) e o Presidente.

Decídese votar un texto emendado logo do debate.

O contido íntegro do debate atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

Logo de terse debatido o asunto, procédese á votación do texto coa emenda introducida, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 14 (3 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).

- Votos en contra: Non se produciron.

- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos presentes o seguinte **ACORDO**:

1. Continuar co impulso do marco normativo municipal (ordenanzas...) para loitar contra a prostitución e a trata con fins de explotación sexual co obxectivo de:

a. reforzar os servizos municipais para dar cobertura integral (legal, psicolóxica, sanitaria e de inserción sociolaboral, etc.) ás vítimas de trata xa mulleres en situación de prostitución.

b. establecer as medidas necesarias de prevención e sensibilización para desincentivar o consumo de prostitución, especialmente dirixidas a homes e de materia específica a homes novos.

c. adoptar as medidas para evitar a publicidade de servizos de prostitución.

2. Instar o Goberno autonómico, dentro do seu marco competencial, a continuar a impulsar as medidas necesarias para o desenvolvemento dunha estrutura de apoio multidisciplinar para as vítimas, xerar conciencia social contraria á compra e consumo de prostitución e á imaxe vexatoria das mulleres e a perseguir a delincuencia organizada dedicada a esta actividade ilícita.

3. Estreitar a colaboración coas organizacións e colectivos que prestan servizos de asistencia ás vítimas.

4. Adherirse á rede Vioxén (de seguimento integral para os casos da violencia de xénero).

5. Dar traslado deste acordo plenario ao presidente da Xunta de Galicia.

2ª.- Moción para a eliminación do embude viario da avenida do Párroco Villanueva.

A sra. García xustifica a urxencia desta moción, presentada polo grupo municipal do Partido Popular o 23/09/2020 (núm. Rexistro 202099900002652).

Vótase a urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado:



- Votos a favor: 14 (3 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia da moción por unanimidade.

Seguidamente a sra. García procede a expoñer a dita moción, que a continuación reproducése integramente:

**<<MOCIÓN PARA LA ELIMINACIÓN DEL EMBUDO VIARIO DE LA AVENIDA PÁRROCO VILLANUEVA
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

I.- La avenida Párroco Villanueva (DP-7506), entre la Plaza de la Iglesia Nueva y la calle de la Iglesia presenta un embudo, pasando de un ancho inicial de aproximadamente 16,50 metros a 7,08 metros.

Este embudo se prolonga aproximadamente a lo largo de 76 metros, en el que únicamente hay acera en el lateral izquierdo, de ancho reducido, no hay bandas de aparcamiento, y apenas caben dos carriles de ancho insuficiente para que se crucen dos vehículos con seguridad.

En este tramo tampoco existe red de evacuación de pluviales.

II.- Por el citado tramo, además de servir de acceso a un importante número de vecinos y al Centro de Salud de Sada, han de circular varios servicios públicos esenciales:

ambulancias, policía local, guardia civil, cortejos fúnebres, etc. Dicho embudo reduce la calidad de vida de los vecinos y dificulta los servicios públicos.

III.- En este tramo el Plan General vigente mantiene las alineaciones de las anteriores Normas Subsidiarias. Los terrenos necesarios para la eliminación del embudo están destinados a viales, actualmente dentro del ámbito del polígono APR-P.E.R.I.-D3.2.

IV.- Los terrenos necesarios para la eliminación del embudo figuran como de propiedad municipal en el Registro de la Propiedad de Betanzos, formando parte de la finca 25805 destinada a viales, inscrita en el tomo 2014, libro 381, folio 8.

Igualmente, figuran estos terrenos como públicos en la Sede del Catastro.

Sin embargo, el Ayuntamiento no dispone del pleno dominio y disponibilidad de los mismos, por lo que lo deberá acordar con los propietarios del polígono.

V.- La eliminación de este embudo, además de mejorar la movilidad de los vecinos y servicios públicos afectados, mejoraría la seguridad peatonal de la zona, la de la gestión de las aguas pluviales, y posibilitaría la creación al menos 30 plazas de aparcamiento.

Por todo lo expuesto, considerando el interés general, el Grupo Municipal del Partido Popular de Sada propone someter al debate del Pleno y votación el siguiente

ACUERDO

Iniciar las gestiones precisas para alcanzar el pleno dominio y disponibilidad de los terrenos necesarios para la eliminación del embudo viario de la avenida Párroco Villanueva>>.

A continuación débátese sobre a moción proposta, coas intervencións da sra. Pardo (PSOE), o Presidente e a sra. García.

O contido íntegro do debate atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

Logo de terse debatido o asunto, procédese á votación do texto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 14 (3 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos presentes o seguinte **ACORDO**:

Iniciar as xestións precisas para alcanzar o pleno dominio e dispoñibilidade dos terreos necesarios para a eliminación do embude viario da avenida do Párroco Villanueva.

3ª.- Moción sobre o sobrecusto dos gastos de limpeza e desinfección dos centros educativos de titularidade autonómica para os concellos.



A sra. Pardo xustifica a urxencia desta moción, presentada polo grupo municipal Socialista o 23/09/2020 (núm. Rexistro 202099900002668).

Vótase a urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 14 (3 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia da moción por unanimidade.

Seguidamente a sra. Pardo procede a expoñer a dita moción, que a continuación reproducése integramente:

<<MOCIÓN SOBRE O SOBRECUSTE DOS GASTOS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA PARA OS CONCELLOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas instrucións aprobadas polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde Pública (DOG nº 174 bis, de data 28/08/2020), e na actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao Protocolo de data 22 de xullo, de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensinanza non universitaria de Galicia (versión do documento a 31/08/2020), no que atinxe ás medidas xerais de limpeza e desinfección dos sinalados centros educativos de titularidade autonómica, impónense unha serie de obrigas mínimas, que serán reflectidas nos Protocolos que deben de aprobarse por cada centro educativo, pasando deste xeito a formar parte do chamado "Plan de Adaptación á Situación COVID-19 no curso 2020/2021".

O obxecto do sinalado Protocolo é crear un entorno escolar saudable e seguro, atopándonos en consecuencia ante medidas de carácter sanitario e tamén de carácter educativo.

Tras numerosas queixas e dúbidas trasladadas á Deputación Provincial de A Coruña por moitos alcaldes e alcaldesas, e co obxectivo de aclarar se os traballos de limpeza e desinfección dos centros educativos de titularidade autonómica corresponde á Administración Autonómica ou aos Concellos, polo Presidente da Deputación encargouse ao servizo de Asesoría Xurídica do ente provincial a elaboración dun informe. Pois ben, este informe conclúe que a competencia de limpeza e desinfección dos colexios para cumprir cos protocolos de prevención da COVID-19, correspóndelle á Xunta de Galicia. Do sinalado informe, en síntese, derivase o seguinte:

Ao respecto das medidas sanitarias "a competencia sanitaria está regulada, na actualidade na Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, cuxo artigo 48 non deixa lugar a dúbida cando establece que, entre as prestacións de saúde pública, atópase a prevención e control das enfermidades transmisibles" (apartado d)). "Dado que o propio documento que contén as Instrucións da Xunta, reflecte que, ditas medidas de limpeza e desinfección teñen como finalidade, precisamente, a prevención e control dunha enfermidade transmisible, a infección respiratoria causada polo SARS-CoV-2, estamos ante unha medida de saúde pública, que debe ser debidamente implantada pola administración sanitaria competente, que, neste caso, é claro, é a Autonómica".

A máis abundamento, é de resaltar que, "nin a normativa de ámbito local, nin a Ley de Saúde de Galicia (art. 80), atribúen competencia algunha en materia de sanidade a favor das entidades locais, en relación á implantación e execución das que medidas que, no ámbito de saúde pública, se adopten pola CCAA".

E conclúe o informe que "o control sanitario atribuído aos concellos, atendendo á literalidade da norma autonómica, debe encuadrarse nunha mera función de vixilancia do territorio do municipio e da súa poboación, ao tratarse da administración de maior proximidade, pero en modo algún este control pode implicar a adopción de medidas específicas, que van máis aló dunha limpeza ordinaria".

No que atinxe ó ámbito educativo, razoa o informe xurídico, a normativa vixente opera a transferencia de competencias na devandita materia, a favor da CCAA de Galicia.

Ao abeiro da regulación contida na Lei Orgánica de Educación e na Lei das Bases do Réxime Local, o deber de conservación de centros de educación infantil, primaria e especial corresponderá só aos concellos, cando éstos ostenten a titularidade deses centros; correspondendo ditas funcións á administración autonómica, nos centros de titularidade autonómica.

Agora ben, no caso de que "o lexislador autonómico optara, no exercicio das súas competencias, por ampliar as competencias das corporacións locais, respecto á conservación e mantemento dos centros escolares - coa inherente carga financeira que esta ampliación conlevaría - a CCAA deberá por a disposición das entidades locais, a correspondente provisión de medios económicos, materiais e persoais para o exercicio das mesmas, de conformidade coo art. 7 y 27 de la LBRL".

En definitiva, non pode máis que concluirse que "en modo algún pode encomendarse ás entidades locais novas funcións e responsabilidades na conservación e mantemento dos centros escolares, independentemente da titularidade dos mesmos, sen a correspondente consignación orzamentaria para sufragar ditos gastos, e sen a correspondente delegación de tal competencia, pois o contrario supón unha vulneración da autonomía local constitucionalmente garantizada, así como unha infracción da normativa básica estatal, en materia de educación e de regulación das bases das entidades locais".



Por outra banda, cabe recordar, que a Xunta de Galicia foi perceptora de case 93 millóns de euros por parte do Estado, precisamente, para adaptar os centros educativos á situación actual de pandemia; cando, na realidade, son os propios Concellos os que están a soportar o importante sobrecoste que o exercicio dunha competencia que non lles corresponde, lles está a ocasionar.

Este grupo municipal carece de información sobre cómo lle está a costar a este Concello facer fronte as medidas excepcionais precisas para a prevención da COVID-19 nos centros escolares (información cuxo traslado solicitamos), pero o que si sabemos é que en todo caso eses gastos son a cargo do propio orzamento municipal.

Polo exposto, O Grupo Municipal Socialista solicita ó Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- 1. Instar á Xunta de Galicia a cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito sanitario e educativo, dispoñendo dos medios materiais e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para garantir que a volta a clase e o curso académico poda desenrolarse de maneira presencial, segura e con calidade.*
- 2. No caso de que a Xunta de Galicia decida encomendar as entidades locais novas función e responsabilidades en materia de conservación e mantemento dos centros educativos, proceda a delegación formal das mesmas e realice a correspondente consignación presupuestaria para sufragar tales gastos.*
- 3. Instar á Xunta de Galicia a que proceda á compensación dos sobrecustes que os concellos están a soportar como consecuencia dos gastos de limpeza e desinfección dos centros educativos>>.*

A continuación débátese sobre a moción proposta, coas intervencións da sra. Nogareda (AV), concelleira delegada de Educación e Deporte; a sra. Reimúndez (BNG); a sra. Salorio (PP); a sra. Taibo (SM); a sra. Pardo (PSOE) e o Presidente.

O contido íntegro do debate atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

Logo de terse debatido o asunto, procédese á votación do texto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (3 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: 5 (PP).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1. Instar á Xunta de Galicia a cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito sanitario e educativo, dispoñendo dos medios materiais e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para garantir que a volta á clase e o curso académico poida desenvolverse de maneira presencial, segura e con calidade.
2. De ser o caso de que a Xunta de Galicia decida encomendar ás entidades locais novas función e responsabilidades en materia de conservación e mantemento dos centros educativos, proceda á súa delegación formal e realice a correspondente consignación orzamentaria para sufragar os tales gastos.
3. Instar á Xunta de Galicia a que proceda á compensación dos sobrecustos que os concellos están a soportar como consecuencia dos gastos de limpeza e desinfección dos centros educativos.

4ª.- Moción relativa á monarquía.

A sra. Reimúndez xustifica a urxencia desta moción, presentada polos grupos municipais de Sadamaioría, BNG e Alternativa dos Veciños o 23/09/2020 (núm. Rexistro 202099900002680).

Vótase a urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (3 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: 5 (PP).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia da moción por maioría absoluta.

Seguidamente a sra. Reimúndez procede a expoñer a dita moción, que a continuación reproducése integramente:

<<O Grupo Municipal de Sadamaioría, BNG e Alternativa dos Veciños, recollendo a proposta da plataforma cívica Galiza pola



República e polo Dereito da Decidir, ao abeiro de Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Sada, presenta para debate e, no seu caso, aprobación no Pleno a seguinte

MOCIÓN RELATIVA Á MONARQUÍA EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de agosto a Casa do Rei comunicaba a intención do rei Juan Carlos I de Borbón de abandonar o territorio do Estado español ante a polémica xerada polo que considera “acontecementos pasados da súa vida privada”, episodios que deron lugar ao inicio de investigacións penais primeiramente en Suíza, despois a iniciativa da Fiscalía do Tribunal Supremo Español.

O ex-xefe do Estado estaría presuntamente implicado en delitos de corrupción, branqueo de capitais e evasión fiscal continuada e de enormes dimensións, que só poden comprenderse pola práctica sistemática de amplos sectores do poder político, institucional e mediático de mirar cara a outro lado nos asuntos que teñen que ver coa Casa do Rei e a monarquía.

Estas actividades distan moito de ser un caso puntual e privado, senón que afectan á propia democracia e á Xefatura do Estado. É tamén un indicativo do escurantismo da monarquía desde hai máis de corenta anos. A sucesión de acontecementos evidencia que a Casa do Rei acumula toda unha serie de actos que sitúan á monarquía española moi lonxe do seu pretendido comportamento “exemplar”, tan manido como falso.

É evidente que o rei Juan Carlos tivo unha vida pouco exemplar. Foi pouco investigada a súa presunta implicación no caso KIO, nas comisións pola compra de petróleo a países árabes. O caso Nóos custoulle unha condena de prisión ao, daquela, Duque de Palma, Iñaki Urdangarín, por desvío de fondos públicos e fraude fiscal. O curmán do ex-monarca, Álvaro de Orleans, actuou de testaferrero e parece estar implicado no cobro de comisións multimillonarias pola venda do Banco Zaragozano a Barclays. O propio Felipe VI figura como segundo beneficiario do patrimonio irregular amasado polo seu pai, sendo coñecedor deste feito desde marzo de 2019, como mínimo.

A presunción de inocencia, os feitos probados e recoñecidos por Felipe VI

O rei Juan Carlos, como toda a cidadanía, ten dereito á presunción de inocencia, pero este non é o tema a debate neste pleno. Respectando a presunción de inocencia, o rei Felipe VI retiraba a súa irmá, a infanta Cristina, o título de Duquesa de Palma polo comportamento pouco exemplar. O Pleno de Barcelona de 1 de abril de 2016 aprobaba por unanimidade (Barcelona en Comú, PSC, ERC, CIU, Cs, CUP e PP), retirar todas as honras e a Medalla de Ouro da cidade á infanta Cristina. Jaume Collboni (PSC) referíase ao “comportamento pouco exemplar da infanta Cristina”. Alberto Fernández Díaz (PP): “Se os comportamentos non son éticos, non son compatibles con este recoñecemento”. E, respectando a presunción de inocencia, o pleno de Palma retiraba por unanimidade o nome de Rambla dos Duques de Palma o 8 de febreiro de 2013, cando eran investigados por un presunto delito fiscal no caso Nóos. Todo isto antes de celebrarse o xuízo e ditar sentenza.

Por outra parte, non estamos a falar de “supostas” ou “presuntas” irregularidades ou ilegalidades cometidas polo rei Juan Carlos I, senón de feitos probados ou recoñecidos. É un feito que o rei Juan Carlos creou unha estrutura opaca en 2008, a través da Fundación Lucum en Panamá, para operar desde unha conta nun banco suízo. É un feito que recibiu nesa conta 64,8 millóns de euros, que procedían de Arabia Saudí e non se sabe en que concepto. É un feito que o rei Juan Carlos entregou persoalmente en Xenebra un maletín con 1,9 millóns de dólares ao xestor da súa fortuna, Arturo Fasana, detido en 2009 no caso Gürtel, para que o ingresase no banco suízo Mirabaud, segundo declaracións de Fasana en outubro de 2018, perante o fiscal suízo. É un feito que Felipe VI tivo coñecemento da existencia de Lucum desde marzo de 2019; que el mesmo

figuraba como segundo beneficiario da mesma e que non informou destes feitos nin a Axencia Tributaria, nin a cidadanía ata moitos meses despois.

É un feito que Felipe VI figuraba tamén como terceiro beneficiario da Fundación Zagatka, con sede en Luxemburgo, propiedade de Álvaro de Orleans-Borbon, primo do rei Juan Carlos, desde a que pagaba, entre outros gastos, as viaxes do rei Juan Carlos en avións privados.

Ante estes feitos, que o propio Felipe VI recoñecía o 16 de marzo de 2020, despois da súa publicación o día anterior en *The Telegraph*, este anunciaba que renunciaba a herdanza que lle correspondería -sabendo que non tiña ningún efecto práctico até o falecemento do rei Juan Carlos- e que retiraba o seu pai 195.000 euros anuais que recibía do orzamento da Casa Real. Todo isto está investigado polo fiscal suízo Yves Bertossa.

A propia Axencia Tributaria informaba destes feitos na causa que instruíu o xuíz Diego de Egea e que agora, despois do sobresemento provisional, está nas mans do xuíz Manuel García Castejón, da Audiencia Nacional. Así, cando De Egea solicitaba información da Oficina Nacional de Investigación del Fraude (ONIF) da Axencia Tributaria o 4 de setembro de 2018, esta respondía ao día seguinte: “Juan Carlos de Borbón no ha presentado declaración informativa sobre bienes y derechos situados en el extranjero (Modelo 720). E engadía: “Tampoco hay constancia de que el Rey Emérito poseyera cuentas en el extranjero”. É un feito constatado que o rei Juan Carlos nunca cumprimentou a declaración especial do Modelo 720, obrigatorio desde 2013 para evitar o fraude tributario.

Por outra banda, o Código Penal ofrece máis protección á Casa Real que a calquera outra institución ou cidadá a través do delito de inxurias á Coroa. Pola contra, o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos mantén unha liña xurisprudencial clara, en virtude da cal os ordenamentos xurídicos non poden outorgar unha protección especial e cualificada aos cargos e institucións que se consideren máis importantes, senón máis ben todo o contrario.

O descrédito da monarquía, como recollen todas as enquisas, xa se converteu nun clamor popular, porque pon en cuestión o propio funcionamento da democracia e da xustiza. Cómpre tomar medidas que permitan á cidadanía recuperar a confianza nas institucións e



poderes públicos.

O dereito dos pobos a decidir a forma de Estado

Que a Xefatura do Estado sexa un cargo hereditario, no que ademais os varóns gozan de prioridade na liña sucesoria, é unha anomalía democrática e un anacronismo feudal sobre o que a cidadanía nunca tivo opción de decidir: a monarquía é unha institución imposta polo franquismo tras case 40 anos de ditadura iniciada cun golpe de estado á República.

A experiencia amosa, polas continuas inxerencias dos monarcas en cuestións políticas, que a súa principal función é manter o statu quo herdado do franquismo, o inmovilismo e os privilexios da aristocracia e os poderes fácticos.

O debate sobre o modelo do Estado é rapidamente cercenado: calquera reforma ambiciosa do noso sistema de goberno, como a articulación territorial, a redistribución da riqueza, a radicalidade democrática ou a propia monarquía como institución, choca coa existencia dunha Constitución Española inamovible, blindada para estas cuestións pero vulnerable a modificacións exprés como a do seu artigo 135 para priorizar o pago da débeda sobre a protección dos dereitos da cidadanía.

A complicidade dos partidos dinásticos do réxime do 78 coa monarquía, resulta escandalosa. Non só se infantiliza á cidadanía furtándolle a posibilidade de decidir sobre unha institución imposta pola vía das armas, senón que se colabora activamente na opacidade, a falta de transparencia e o mantemento dos privilexios de quen utilizou os recursos públicos e o ben común no seu propio beneficio.

O proceso de retirada de rúas e distincións ao rei Juan Carlos I.

Barcelona retiraba en setembro de 2015 o busto de Juan Carlos do salón de plenos e cambiaba o nome da praza Joan Carles I en abril de 2017. O pleno de 27 de agosto de 2020 retiraba ao rei Juan Carlos a Medalla de Ouro da Cidade.

Valencia (Goberno Compromís, PSOE) cambiaba en marzo de 2017 a dársena Marina Real Juan Carlos I por Marina de Valencia.

Baleares. O Goberno (PSOE, MES e Unidas Podemos, presidido polo PSOE), aprobaba o 17 de setembro de 2019 unha proposición non de lei pedindo ao CIS que pregunte sobre a monarquía.

Navarra. Goberno da Comunidade Foral presidido pola socialista María Chivite, retiraba o retrato do rei Juan Carlos da Sala de Goberno en xuño de 2020.

Pinto. Acordaba retirar o nome de Juan Carlos I ao parque máis grande do municipio, así como o busto do rei na entrada do parque: "Alguien que no es capaz de tener una conducta intachable no debe recibir homenaje público". O alcalde, Diego Ortiz (PSOE) lembraba que o pleno de Pinto xa aprobara retirar o nome de infanta Cristina á actual Casa de la Cadena "cuando salió absuelta y ni siquiera se había producido el juicio; y no se cuestionó su presunción de inocencia:".

Vitoria. O Goberno (PNV-PSOE) cambiaba a avenida Juan Carlos I por 8 de marzo por falta de "ejemplaridad" e para "preservar los valores que deben representar aquellas personas que cuentan con una calle en la ciudad". Para o alcalde Gorka Urtaran é unha cuestión de "decencia política e social".

Xixón. Alcaldía socialista e Goberno de PSOE-IU, cambiaba a avenida Juan Carlos I porque "ya no representa los valores institucionales, morales y democráticos de la sociedad", segundo María Pineda, portavoz municipal.

Getxo. Goberno de PNV, PSOE e Elkarrekin Podemos, retiraba o busto do rei Juan Carlos do salón de actos do Concello o 25 de xuño de 2020 porque "no merece estar en un lugar tan honorífico e simbólico".

Vila Joiosa. Alcaldía socialista e goberno de PSOE, Compromís e Gent per La Vila, aprobaba cambiar a avenida Juan Carlos I por Doutor Per Esquerdo no pleno de 16 de xullo de 2020. "Quien fue Jefe del Estado se ha provechado de su cargo para enriquecerse de manera ilícita, con una forma de hacer política que no tiene cabida en nuestra administración", sinalaba a exposición de motivos.

Cádiz. O pleno de 28 de agosto de 2020 aprobaba cambiar o nome da avenida Juan Carlos I por Sanidad Pública.

É evidente que, a pesar dos seus discursos, a actuación do rei Juan Carlos I non é exemplar, nin honrada, nin legal, nin transparente. Por todo o exposto, os grupos municipais de Sadamaioría, BNG e Alternativa dos Veciños propoñen ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Condenar a fuxida do Rei emérito mentres está a ser investigado pola Fiscalía do Tribunal Supremo.
2. Instar ao Goberno do Estado e ao Congreso dos Deputados a que constitúan unha Comisión de investigación sobre os ingresos do Rei emérito en concepto de comisións e outras actividades económicas durante todo o seu reinado; sobre os bens e patrimonio de todos os membros da Familia Real, así como as contas nos bancos.
3. Instar a Juan Carlos Borbón a que reembolse ao patrimonio do Estado as partidas económicas que recibiu con cargo ao Orzamento da Casa do Rei desde 2008, momento no que se ten coñecemento da constitución da Fundación Lucum e da apertura de contas opacas no exterior, e que devolta o patrimonio adquirido de maneira irregular no caso de que se confirmen os feitos que se investigan.
4. Instar ao Goberno do Estado a que tome medidas para a derogación do delito de calumnias e de inxurias contra a Coroa do Código Penal recollidos nos artigos 490.3 e 491 do Código Penal, igualando a protección penal da honra desta figura e institución coa do resto da cidadanía.
5. Instar ao Goberno do Estado a que retire por Decreto a Juan Carlos de Borbón o título honorífico de Rei emérito.



6. Instar ao Goberno do Estado a que dea unha explicación sobre a súa participación na organización da fuxida do rei Juan Carlos I a Emiratos Árabes Unidos o 3 de agosto, se houbo un gasto público na organización da viaxe (avión, escolta etc) e a que elimine para o futuro calquera tipo de fondos públicos para as súas actividades privadas.

7. Instar ao Goberno do Estado a que o CIS inclúa nos seus traballos de investigación unha valoración sobre a monarquía, así como a preferencia sobre monarquía ou república.

8. Instar ao Goberno do Estado a que inicie os procesos necesarios para a celebración dun referendo ou consulta á cidadanía sobre a forma de Estado: monarquía ou república.

9. Trasladar estes acordos ao Presidente da Xunta, Presidente do Goberno e Presidentas do Congreso e Senado>>.

A continuación débátese sobre a moción proposta, coas intervencións da sra. Nogareda (AV); a sra. Pardo (PSOE), que non considera que sexa o momento, polo que anuncia a abstención; a sra. Salorio (PP), que explica o porque non a consideran urxente e por que votarán en contra; a sra. Taibo (SM); a sra. Reimúndez (BNG); a sra. Nogareda (AV) e o Presidente.

O contido íntegro do debate atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

Logo de terse debatido o asunto, procédese á votación do texto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (3 SM, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: 5 (PP).
- Abstencións: 2 (PSOE).

Resultando aprobado por maioría dos presentes o seguinte **ACORDO**:

1. Condenar a fuxida do Rei emérito mentres está a ser investigado pola Fiscalía do Tribunal Supremo.
2. Instar ao Goberno do Estado e ao Congreso dos Deputados a que constitúan unha Comisión de investigación sobre os ingresos do Rei emérito en concepto de comisións e outras actividades económicas durante todo o seu reinado; sobre os bens e patrimonio de todos os membros da Familia Real, así como as contas nos bancos.
3. Instar a Juan Carlos Borbón a que reembolse ao patrimonio do Estado as partidas económicas que recibiu con cargo ao Orzamento da Casa do Rei desde 2008, momento no que se ten coñecemento da constitución da Fundación Lucum e da apertura de contas opacas no exterior, e que devolva o patrimonio adquirido de maneira irregular no caso de que se confirmen os feitos que se investigan.
4. Instar ao Goberno do Estado a que tome medidas para a derogación do delito de calumnias e de inxurias contra a coroa do Código Penal recollidos nos artigos 490.3 e 491 do Código Penal, igualando a protección penal da honra desta figura e institución coa do resto da cidadanía.
5. Instar ao Goberno do Estado a que retire por Decreto a Juan Carlos de Borbón o título honorífico de Rei emérito.
6. Instar ao Goberno do Estado a que a que dea unha explicación sobre a súa participación na organización da fuxida do rei Juan Carlos I a emiratos Árabes Unidos o 3 de agosto, se houbo un gasto público na organización da viaxe (avión, escolta, etc) e a que elimine para o futuro calquera tipo de fondos públicos para as súas actividades privadas.
7. Instar ao Goberno do Estado a que o CIS inclúa nos seus traballos de investigación unha valoración sobre a monarquía, así como a preferencia sobre monarquía ou república.
8. Instar ao Goberno do Estado a que inicie os procesos necesarios para a celebración dun referendo ou consulta á cidadanía sobre a forma de Estado: monarquía ou república.
9. Trasladar estes acordos ao Presidente da Xunta, Presidente do Goberno e Presidentas do Congreso e do Senado.

C.- Rogos e preguntas.



A sra. Pardo (PSOE) efectúa os seguintes rogos e preguntas:

- 1) Roga que se esixa á empresa concesionaria a limpeza periódica dos bidóns do lixo, así como que os retire o máis posible da marxe das estradas nas parroquias.
- 2) Pregunta, como di que xa fixera no Pleno pasado, por que están pechados os baños públicos da rúa da Praia, cando os do Paseo Marítimo están abertos.

Contesta o Presidente, dando unha explicación.

O sr. Blanco Montero (PSOE) efectúa os seguintes rogos e preguntas:

- 1) Roga ás concellerías de Educación e de Sanidade que intenten acadar consenso no que se refire os protocolos de Covid-19 dos colexios, que considera mal elaborados, ofrecendo a súa colaboración para asesorar o respecto. Contesta a sra. Nogareda, concelleira delegada de Educación e Deporte, ofrecendo organizar unha reunión para os efectos.

- 2) Pregunta por que non se avanza, en que punto se está con relación ao proxecto que denomina de cidade deportiva en Mondego.

Contestan a sra. Nogareda e o Presidente sobre as xestións que se están a facer para sacalo adiante.

- 3) Pregunta á consellería de Sanidade sobor da atención primaria, da que reciben queixas de falta de asistencia por unha continuada falta de atención de maneira presencial.

Contesta o sr. Blanco González, concelleiro delegado de Promoción da Saúde, Cohesión Social e Voluntariado, dando explicacións e indicando que pola súa parte fará canto poida para que haxa uns profesionais ben remunerados e atendendo ás demandas da veciñanza.

A sra. Salorio (PP) traslada un rogo dos veciños do Tarabelo, sobor da necesidade de limpeza das gabias; así como a necesidade da limpeza das infraestruturas, en relación cuns sumidoiros na estrada de Samoedo. Contesta o Presidente, dando explicacións.

O sr. García Cotelo (PP) fai os seguintes rogos e preguntas:

- 1) Roga que se acometa polo Concello a limpeza dos tramos urbanos dos ríos e que se inste os organismos competentes, nomeadamente a Augas de Galicia, para que tamén o faga nos tramos da súa competencia.
- 2) Roga que se arranxe canto antes unha focha que hai na subida á igrexa de Meirás.
- 3) Pregunta sobre as actuacións levadas a cabo pola Alcaldía sobre o acordado polo Pleno na súa sesión de abril do 2018 con respecto da rexeneración da praia de Sada.

O Presidente dá as explicacións solicitadas.

A sra. García (PP) fai os seguintes rogos e preguntas:

- 1) Pregunta se a Alcaldía realizou algunha xestión con relación o rogo que fixeran na sesión do 27/02/2020 sobre solicitar un informe de viabilidade a Augas de Galicia sobor de situar un novo Centro de Saúde nas parcelas baralladas e recorda que está sen cumprir o acordo do 29/05/201 de presentar ao Pleno os terreos dispoñibles para o traslado do Centro de Saúde. O Presidente aclara que pensa que xa contestou no Pleno do 27 de febreiro, que hai un estudo para unha das parcelas pero non para as outras dúas e que terreos dispoñibles aínda non hai ningún.

- 2) Roga, como traslado dunha inquietude da veciñanza, que se dirixan á empresa de limpeza, á brigada de Obras e Servizos ou aos propietarios das parcelas para pór solución ao estado de abandono da avenida do Párroco Villanueva e incluso da zona de Sada de Arriba.

- 3) Pregunta con relación ás carencias na atención aos veciños no Centro de Saúde, a resultados da intervención do sr. Blanco González con respecto dunha pregunta anterior do sr. Blanco Montero relativa á atención primaria.

O sr. Blanco González contesta, concretando máis a súa explicación.

- 4) Roga que non se incorra en incumprimentos de pagamento, e que polo tanto se efectúen os aboamentos das subvencións ás entidades deportivas así como das súas dietas por asistencia os órganos colexiados e incluso da asignación semestral ao seu partido.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000011

O contido íntegro das intervencións atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22:00 horas do día xoves 24 de setembro do 2020, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.